

A VEXETACIÓN *nel valle medio* *del* RÍO NAVIA

Un achegamento bioxeográfico

↓ Ignacio Pérez González

Queremos, dende a Xeografía, chegar a úa visión da vexetación del valle medio del Río Navia –concretamente nas Serras de Carondio y Murellos y al pé d'unde se xuntan os ríos Llouredo y Augüeira col Navia–, úa zona de ben contrastes unde s'atopan representantes da flora mediterránea, centroeuropea, alpino-pirenaica ou orocantábrica. Este interés medra se reparamos na valía indicadora da vexetación, xa que con ella podemos conocer a mena de tarrén, el clima, a orografía, a fauna, os labores humanos, etc.

Son muitos os factores que condicionan, individual ou conxuntamente, a presenza das especies ou formacións vexetales. Primeiro de nada ta a lluz; a súa presenza ou ausencia y a súa intensidá condicionan a vida das prantas, xa que cada úa d'ellas ten úas necesidades ben distintas: ou ben *heliófilas*, amigas del sol, ou ben *umbrófilas*, amigas de sitios máis avesíos. A temperatura tamén afecta ás prantas, sobre todo condo se pasan as fronteiras críticas a partir das que morren por muito frío ou calor. El terceiro dos

factores qu'hai que ter en conta é a continentalidá, mui achegao al factor anterior, xa que fai referencia á variación máis ou menos abultada das temperaturas según se tía cerca ou llonxe del mar. As necesidades d'humedanza y d'augua das prantas son ben diferentes: úas cuasamente nun la precisan pra sobrevivir y outras nun poden vivir sin tella de contino. Tamén el acidez del tarrén (pH) é importante; ta relacionada col tipo de pedra del sustrato, nel noso caso silíceo y, polo tanto, de pH baxo. El contido en nutrientes é outro dos factores que nun hai qu'es-

queicer, en especial el de nitróxeno¹. Por último, el factor humano, de ben trescendencia dende hai siglos, influye na vexetación col llume, as cortas, as prantacióis, el gao solto, etc.

Os montes d'árboles

Referímonos aquí a aquelas formacióis que tein enguano un predominio d'especies *arbóreas* ou *arborescentes*, querse dicir, árboles ou da feitura d'árboles, xa sían especies autóctonas ou metidas pol ser humano.

• Ocalitales.

Son formacióis pequenas que tán, polo regular, nel fondo dos valles, sobre todo nel Río Navia. Tanto a temperatura como el altitú poin úa fronteira á presenza d'este árbol, porque nun pasa a cota dos 400 metros nin aguanta temperaturas máis baxas de -5° C. Así y todo, hai nel mercao especies novas resistentes al frío (*Eucaliptus nitens*) qu'einda nun foron prantadas nesta zona. A formación ten exemplares de muito vallume mentres que, al rovés, os acompañantes son mui poucos y sempre nos estratos fondos –principalmente toxos, folgueiras y artos–. Por causa d'eso, a terra corre peligro de desaparecer ou, a lo menos, d'emprobecerse; y máis se nun esqueicemos a dificultá que ten d'asimilar as foyas y parazas cayidas d'este árbol. Ta clara a tendencia regresiva.

• Pinales.

Despóis da Guerra Civil empeza en Asturias a prantación dafeito de pinos, árboles que xa entraran dende Galicia nel siglo XVIII. A zona que tamos estudiando nun se safa d'esta tendencia y metéronse nella, d'un xeito xeneralizao, tres razas de pino (*Pinus sylvestris*, *P. pinaster* y *P. radiata*) qu'antias d'aquel conflicto nun taban ou, a lo menos, non d'úa manera tan importante. Enguano siguen as repoblacióis con fines madeiros en sitios bus de chegar pra, d'este xeito, fer os llabores de prantación y mantenimiento –amañar el tarrén, apagar queimas, etc.– y pra sacar a madera tumbada. Esto esplica qu'haxa ben d'ellos nas lladeiras que verquen al Navia, sobre todo na veira esquerda, unde acupan estensióis cada vez máis grandes. En concreto, el pino marítimo ou gallego (*P. pinaster*) ta mui estendido y acupa terras fondas nas lladeiras dos valles principales, y en treitos intermedios. El pino silvestre (*P. sylvestris*) afáise miyor ás condicióis da serra, acupando sitios en alto, como pasa na Braña de San Roque, ou nos picos das serras de Carondio y Murellos. Por último, el pino de monterréi (*P. radiata*) é máis esixente nas condicióis del tarrén ademáis de nun pasar as cotas de 500 metros d'altitú y querer miyor tar unde dá el sol.

Todas estas prantacióis vein tando en sitios que sempre se dedicaran a pastos comunales y por eso a población local nun acabóu d'acceptallas, amañando queimas que, en muitos casos, acabaron dafeito con esas prantacióis. Esto foi el que pasóu nas serras de Carondio y Murellos. Nun se pode esqueicer que,

como especies resinosas, tán búas de queimar².

A traza dos pinales vai dende el arbórea hasta el herbácea, según sían prantacióis máis ou menos veyas. Acompañanse de muitas especies, entre as que podemos citar a bidureira, os toxos, as ericáceas –uces, queirotas–, folgueiras, carqueixas, etc. É tamén posible que máis d'úa raza de pino, das tres presentes, podan vivir xuntas dentro d'úa mesma estaxa prantada. El peligro de *podsolización* del tarrén –desaparición dos nutrientes das capas superiores y arrastre ás inferiores del humus y el hidróxido de ferro– é claro nos pinales, como clara é tamén a tendencia regresiva das formacióis.



Cortafougo y repoblación de pino nel pico del Horro. Pelorde (Pezós)

• Soutos.

Os montes de castañeiros tán, polo xeneral, cerca dos llugares, xa que los prantóu el ser humano, dende tempos tan atrás como os da conquista romana, nos chamaos *soutos*, unde s'estremaba a propiedá del tarrén y a del volo dos árboles. El demáis, pode que los houbera antias nas nosas latitudes pero non d'un xeito tan estendido. Os castañeiros queren miyor as lladeiras mirando pral norte y as altitudes que nun pasen dos 500 metros. Esta formación víu medrar a súa extensión dende aquella presencia romana hasta os siglos XVIII-XIX, condo chegóu al máximo, como parte fundamental da economía rural (alimento prá xente y el gao, material de construcción, etc.). El mal da tinta y el cambeo d'usos y costumes fixeron que se deixaran de cuidar os soutos y que quedaran de sou por si. El castañeiro bravo esténdese de xeito ventureiro.

Hai einda hoi ben prantacióis d'esta especie, anque xa nun s'aprovetan nin se cuidan como antano. El vallume dos árboles é grande y os troncos tein, polo regular, diámetros de máis d'un metro. El monte baxo dos soutos é ben rico y vario, dispoñendo de muitas especies afeitas al ciclo estacional, querse dicir, aprovetando, úas, a escuridá qu'hai condo os castañeiros tein foya, y outras, a lluz y as foyas secas nel inverno. Hai, polo tanto, acebros, erbedeiros, espieiros, toxos, carbayos, aveyaneiros, bidureiras, uces, folgueiras, setas, lique, mofo, etc. É úa formación con tendencia normalmente estable.

•Carbayeiras.

As carbayeiras quedan namáis nas zonas máis malas de chegar y arredadas del noso sector, normalmente nas lladeiras que miran pral norte nos treitos altos dos afluentes del Río Navia (El Río Riello, El Río Carondio, El Río d'Eirías...). Ben de cortas afectaron a estos montes, y máis dende el siglo XVIII, época condo houbo tantas ferreirías y fexo falta muita máis madeira prá construcción (sobre todo naval). D'este xeito, a qu'era formación climácica d'este territorio quedóu menguada dafeito, sendo cambiada por formacións subseriales degradadas –uces, toxeiros, etc.– ou ben por praos, terras ou prantacións d'especies de fora. As carbayeiras que se mantéin avezan a ter traza arbórea y son montes mui mestos. Estre os



Monte mixto y viñas prantadas en zapatas. Tamagordas (Eilao).

compañeiros principales del *Quercus robur* tán el castañoiro, el carnapodeiro, el erbedeiro, el acebro, dalgúas uces, toxos, folgueiras, arandos, hedras y ben de mofo y lique. Vese a presencia d'un cerco de progresión d'esta formación con carnapodeiro, folgueira y acebro. A tendencia pinta ser estable y progresiva en dalgús casos.

•Rebollales (*Quercus pyrenaica*).

É outra das formacións climácicas d'este sector, querse dicir, úa das formacións vexetales que chegóu dende as fases iniciais al sou grao mayor d'evolu-

ción. Esténdese, enguano, por pouco sito, aunque se ye ve úa pequena recuperación, en especial nas lladeiras que miran pral sur y pral oeste (Navedo, Eirías, Beveraso y A Serra de Murellos). Pide máis lluz solar qu'el carbayo (*Quercus robur*). Son formacións de traza arbórea aunque hai zonas de recuperación con exemplares de traza arbustiva. Os principales acompañantes son el erbedeiro, os toxos, as uces y as folgueiras, aunque ás veces tamén s'acompaña de carbayo, sufreira y xestras (allí unde se ta recuperando a formación). A tendencia é á estabilidá nas formacións maduras y á medría nas novas. Os rebollos tein a particularidá de ser us árboles de búa recuperación despóis das queimas.

•Bidureirales (*Betula pubescens*).

Nun tein úa localización específica y amañan montiquíos nos alrededores d'outras formacións vexetales –carbayeiras y pinales–, sobre todo en sitios qu'arduveron, porque é úa especie pioneira y colonizadora. Ten, por causa d'eso, mui ben importancia ecolóxica al deixar que, col paso del tempo, medren al sou aveiro outras especies como el carbayo, axudando á recuperación de comunidades climácicas. Al ser úa especie pioneira, as súas formacións poucas veces chegan a ter un vallume arbóreo, sendo normalmente arborescente ou arbustivo. Os sous acompañantes son del máis varioo y tán igual el rebollo como el carbayo, ademáis de toxos, uces, folgueiras, salgueiros, etc. A tendencia d'esta formación é progresiva.

•Vexetación de ribeira.

Son tiras vexetales estrechas al llargo y al pé dos ríos y regueiros. Búa parte d'ellas perdéronse pola subida del nivel del augua que supuxo a construcción del salto de Doiras. Però ainda las hai en ríos como el d'Eirías y Carondio ou os de Riello y Llouredo, sobre todo nos treitos de baxo. El factor limitante del augua é fundamental pra estos montes, porque precisan muita. Son formacións con un compoñente sobre todo arbóreo ou arborescente, unde nun hai úa especie que domine ás claras, aunque predominan os umeiros, os salgueiros y aveyaneiros, amáis de freisnos, carbayos y erbedeiros. Nos estratos inferiores atopamos uces, folgueiras de todas as razas, hedras, mofo, etc. Neste treito del Río Navia hai dúas especies ben orixinales dentro del contexto asturiano: el freisno da foya dalgada (*Fraxinus angustifolia*) y el salgueiro branco (*Salix salviifolia*). Estas dúas especies son mui comúis na España mediterránea, cousa que pode ser indicadora das especiales características fitoclimáticas del área d'estudio. A tendencia d'estas formacións é d'estabilidá.

•Formacións mixtas.

Con este nome falamos d'aquellas formacións que, al nun ter úa especie ou especies claramente dominantes, ta malo de metellas noutras comunidades. Tán nas zonas baxas dos valles cua peculiaridá de tar malo de chegar a ellas. El vallume das especies é mui grande, sendo as máis representadas a bidureira, el castañoiro, os salgueiros, el erbedeiro, el car-



A Braña d'Is (Allande)

IGNACIO PÉREZ GONZÁLEZ

bayo, el aveyaneiro, el carnapodeiro, el espieiro, el acebro y el prádano, ademáis de folgueiras y artos. A tendencia aveza a ser estable ou progresiva.

• **Montes d'erbedeiros** (*Arbutus unedo*).

Esta formación tan orixinal haila nas lladeiras del valle del Navia y os sous afluentes, cause sempre por debaxo dos 600 ou 800 metros. Queren miyor as orientacióis hacia el sur y as terras ou formacióis superficiales ben recudidas, razón pola qu'acupan ben extensión nas rouñeiras qu'hai, por exemplo, entre os llugares de Cernías y Eirías, amáis de nas lladeiras de penedos unde s'axuntan os ríos Augüeira y Navia. As formacióis d'erbedeiros tein traza arborescente y os sous principales acompañantes son el uz brancal, el rebollo, el carbayo, as folgueiras y os pinos. Anque el llume afecta a estas formacióis, así y todo, tein un bon grao de recuperación como se ve nas lladeiras entre os llugares d'Eirías y Cernías, queimadas nel inverno de 1997 y recuperadas nel de 1999. A tendencia é xeneralmente progresiva, anque as queimas y prantacióis de pinos la tornen

• **Sufreirales** (*Quercus suber*).

Al pé dos llugares de Santesteba, Cernías, Tamagordas, Beveraso, Boxo y Pelorde hai montiquíos de sufreiras. Tán, polo regular, por debaxo dos 600 metros d'altitú, en terras mui costedas y buscando a orientación sur y oeste, por causa das esixencias de lluz y temperatura y as poucas necesidades d'augua que tein. É ún dos poucos sitios unde esta especie vive na nosa Comunidá, xa como resto, indicando el

carácter continental-mediterráneo del SO d'Asturias³ (ervedeiro, lloureiro, rusco, salgueiro branco y freino da foya dalgada tán núa situación aparecida). As sufreiras preséntanse en pés solos ou como montiquíos, con dalgús exemplares de vallume mui ben grande⁴. Normalmente tein que ver cua presencia del ser humano, que favorecéu esta especie pola rendedeira económica que d'ella se podía sacar (corcho pra os trobos y madera prá carpinteiría). Tamén nace ventureira unde s'axuntan el Navia y el Augüeira.

Os acompañantes principales da sufreira son el ervedeiro, el rebollo, el lloureiro, a folgueira y as xestras. A tendencia xeneral dos sufreirales é de recuperación, despóis d'un tempo de retroceso que duróu hasta hai úas décadas (cambios polas viñas y ataques por enfermidades orixinadas por causa de sacaryes de mal xeito el corcho). El que se deixaran de llabrar as terras dos alrededores dos llugares, a súa resistencia al llume y a catalogación como especie protegida, axudaron nesta recuperación lenta.

• **Montes de fayas.**

Nel extremo NE del sector que tamos estudiando ta ún dos montes de fayas máis occidentales d'Asturias –nun hai qu'esqueicer qu'a faya hai sólo us 2.500 anos que chegóu ás nosas terras–, a us 850 metros d'altitú, amañando un monte ben meste, anque pequeno. Ta núa lladeira que mira pral NO, muito búa pra esta mena de formación por causa da pouca esposición al sol y del muito que chove. Este monte avesío ten exemplares ben grandes y dellos excepcionales verdá. Os sous compañeiros avezaos son as

folgueiras, el arando, as hedras y el uz brancal. A tendencia d'esta formación é estable. Destaca el achegao que ta ás formacióis típicamente mediterráneas.

Pra rematar este recorrido polos conxuntos arbóreos y arborescentes, hai que falar de tres aspectos de muito interés: a lenta recuperación das formacióis que podíamos chamar «naturales» gracias, sobre todo, á marcha da xente dos llugares y al cambeo qu'houbon os usos y aprobeitamentos qu'ello trai consigo. Ademáis hai, sicasí, muita presenza de ben especies qu'amostan muita degradación dentro d'esas mesmas formacióis. Estre ellas podemos falar das máis das uces, os toxos, as folgueiras, os artos, as xestras y a gamota. Por último hai que destacar a política sin xeito de repoblacióis forestales con especies alóctonas, qu'axudan a que s'emprobeza a flora, a fauna y el terrén⁵.

As prantas y as herbas

Inclúyense aquelas formacióis que proceden, as máis d'ellas, da degradación das formacióis climáticas. Clasifícanse pola súa traza máis baxa en conxuntos *arbustivos*, *subarbustivos* y *herbáceos*.

•Folgueirales.

Son formacióis localizadas nas lladeiras que miran al Norte, en altitudes medias entre os 400 y os 1.000 metros. Nun coyen muitas estensióis porque queren miyor sitios húmedos y avesíos, sendo cambiadas axina –despóis das queimas– por toxos y uces. A traza d'estas formacióis é herbácea, anque coye máis altura onde hai muita solombra, mentres qu'el sol mengua a grandura dos exemplares y arrala a formación. El *Pteridium aquilinum* é el compoñente principal y ás veces el único d'esta formación. Poden parecer como compañeiros artos, toxos y uces. El carácter regresivo d'esta formación é por causa, como xa comentamos, da colonización por parte da folgueira das terras qu'arduveron.

•Toxeiros.

É úa formación mui estendida por toda a zona, dende el nivel del augua del salto de Doiras hasta cotas que poden pasar dos 800 m. Das dúas especies de toxo representadas, el *Ulex europaeus* acupa as zonas baxas, mentres qu'el *Ulex gallii*, máis pequeno, quer miyor as altas. A traza d'estas formacióis é as máis das veces arbustiva ou subarbustiva y, ademáis del mesmo toxo, hai muito uces y folgueiras. Ten un carácter regresivo porque as queimas tan siguidas que sofre nun deixan qu'evolucione a formacióis máis maduras, anque el toxo nun é tan dañible prá terra como outras especies.

•Pastos da serra.

Metemos debaxo d'este nome aquelas formacióis que tán nel alto das serras de Carondio y Murellos (máis de 800 m). Nun tein miga d'arboleda. Son espacios acupaos por especies rapeñas –de menos de

30 cm– que sufren muito el vento, a nebra, el gao pastiendo y as queimas cada pouco. Estos sitios degradaos coyen sectores máis ou menos chaos onde nun se llograron as prantacióis forestales feitas nel qu'eran pastos comunales na serra. A composición é de dellas herbáceas, toxos y uces (entre as que podemos destacar a *Erica tetralix*, típica dos sitios encha gozaos y de turbeira, con pouco nitróxeno na terra). A dinámica é claramente regresiva.

•Montes de xestras.

Hailos fundamentalmente al pé dos poblos, acupando sectores qu'antias taban de terras y praos. É, polo tanto, a primeira fase nel proceso de colonización d'estos sitios despóis de que los deixara el ser humano. Antano tamén s'axudóu a qu'houbera máis pra, al rozallos, afeise d'ún dos principales elementos del muito cuito preciso pras terras. A traza da formación aveza a ser arbustiva y os sous compoñentes principales son el *Cytisus scoparius*, *Genista florida*, *Cytisus multiflorus*, *Erica arborea*, ademáis de toxos y dalgús exemplares de sufreira, rebollo, ervedeiro y bidureira. A tendencia evolutiva é mui variada, progresiva se el llume nun cortara os procesos naturales de sucesión ecolóxica.



Cortín na Serra de Murellos


•Montes d'uces.

Son formacióis mui estendidas y variadas pero col denominador común del dominio das ericáceas. Salen por causa da degradación das formacióis climáticas col llume, as cortas, el pastoreo, etc. (pocas veces son formacióis naturales). Podemos poñer dalgús pautas xenerales qu'axuden a entender as variacións espaciales d'esta formación que, el demáis, considérase como a máis representativa del paisaxe vexetal del Occidente asturiano. El uz brancal quer miyor as zonas de rouñeiras que miran pral norte ou pral oeste, como pasa al pé de Cernías, Eirías y Sarzol; al rovés, el uz moural quer miyor sitios solaregos



Castañeiro centenario en Santesteba (Eilao)

que miran al sur y terras máis estruturadas, por exemplo, as serras de Carondio y Murellos. A carqueixa, anque nun é úa ericácea, haila máis nos sitios de muito penedo y pouca terra, desfeitas pol llume muitas veces y con orientación Sur. A traza das uces pode ir dende el arbustiva hasta el herbácea, predominando a terciada. Especies que se dan muito, y qu'a miudo s'escluyen entre ellas, son a *Erica arborea*, *Erica tetralix*, *Erica australis subsp. aragonensis*, *Daboecia cantabrica*, *Erica cinerea*, *Calluna vulgaris*, *Genistella tridentata*, ademáis de toxos, folgueiras y outras herbáceas.

A recuperación ou progresión a etapas posteriores d'evolución ta cuasamente descartada, col qu'a dinámica é regresiva, entre outras razóns pol empobrecemento da terra que provoca. 

NOTAS:

¹ As prantas relacionadas d'un xeito ou outro cúa presenza del ser humano avezan a ser mui sensibles a este factor, como os llabrantíos y prantas *ruderales* (herbas que nacen ventureiras despóis das queimas, nas veiras das carreteras, etc.).

² «Al orientar todo el esfuerzo a dar satisfacción a un único sector económico como es la industria celulosa, se desligó la política forestal de los intereses y afanes de gran parte del mundo rural, generando un buen número de graves consecuencias que aún hoy siguen padeciendo nuestros montes y bosques» (PASCUAL et al., *Nuestros bosques*, Madrid, Miraguano, 1998, p. 166).

³ Chegao hai us 6.000 anos aprofitando un clima máis quente y seco polos chamaos corredores ou pasillos bioxeográficos, como é el valle del Navia. Mil anos despóis el frío acantúalo en manchas residuales en islas microclimáticas ou áreas aveiro.

⁴ Bellmunt y Canella en 1900 deixannos referencia escrita da sufreira nel conceyo de Bual.

⁵ As palabras d'A. Ramos, sobre a política del ICONA tres da Guerra Civil, poden achegarse al idea que tentamos de transmitir: «Los resultados físicos, ecológicos y económicos del triunfo —del sector productivista— son lamentablemente poco cuestionables: no han prosperado los montes, ni las gentes de los montes (ni los ingenieros de montes, habría que añadir), ni la industria ligada propiamente al monte; sólo han prosperado (es un decir, con problemas y gracias al apoyo estatal en todas sus etapas) el sector de la industria desintegradora, de exacto y significativo nombre. ¿Quién da menos?» (PASCUAL et al., *op. cit.*, 1998, p. 161).

BIBLIOGRAFÍA:

BELLMUNT, O. & CANELLA, F. (1900): *Asturias*, Xixón.
LÓPEZ GARCÍA, G. (1995): *La guía INCAFO de los árboles y arbustos de la Península Ibérica*, I.N.C.A.F.O., Madrid, 6ª edición.

MAYOR, M. (1988): *Aspectos típicos de la flora y vegetación de Asturias*, Universidad d'Uviéu, Uviéu.

PASCUAL, J.A. et al. (1998): *Nuestros bosques*, Miraguano, Madrid.

PRINCIPADO DE ASTURIAS (1994): *Plan de Ordenación de los Recursos Naturales de Asturias*, Principao d'Asturias, Uviéu.